

Xerencia de Atención Primaria da Coruña

MEMORIA 2006-2008

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Sanidade

CRÉDITOS

Edita:

XUNTA DE GALICIA

Servizo Galego de Saúde

Xerencia de Atención Primaria. A Coruña

Maqueta:

David Carballal estudio gráfico, S.L.



NA MEMORIA DE LUIS VISOS

«Só atopei unha verdade na vida, fillo, e eras ti. Só atopei unha verdade na vida e perdina. Que estúpida a plenitude do día. A quen engana este ceu azul, este mediodía con risas? Para quen se fixo esta inmensa mentira de meses soleados e campos verdes?»

[Francisco Umbral, no seu libro *Mortal e rosa*, reflexiona sobre a morte do seu fillo de cinco anos.]

A primeiros deste ano morreu o noso amigo Luis Visos. De maneira inesperada e a traizón un cancro cruel quitoulle a vida cando todos agardabamos a súa pronta recuperación e a incorporación á vida laboral, na que tanta ilusión tiña posta nese momento.

Nas datas de Nadal estivemos na súa casa, brindando con champan e falando do futuro, con temor pero con optimismo. Ninguén sospeitaba, nin él mesmo, que non sería capaz de superar a doenza. Por iso a súa perda é máis dolorosa. Deixou este mundo de maneira moi precoz e nun momento de plenitude persoal e profesional, cando afrontaba a vida con entusiasmo e sentido do compromiso.

A vida profesional de Visos está ligada á Xerencia de Atención Primaria (XAP) da Coruña, onde viña traballando desde hai arredor de trinta anos. Alí desenvolveu o seu labor de xeito honesto e leal, mesmo en tempos escuros en que a súa valía persoal non foi debidamente considerada. Nunca agochou o seu pensamento progresista, sempre amosou unha actitude de prudente nobreza que lle fixeron gañar o afecto e consideración dos compañeiros, máis alá das diferenzas ideolóxicas.

Houbo dous momentos na vida profesional de Luis Visos nos que se atopou especialmente valorado e querido. Hai anos compartiu despacho e moitas horas de discusión e afecto co seu amigo Pepe Vieito, na dirección do ambulatorio de San José. Actualmente Luis era o Director de Xestión da Xerencia de Atención Primaria da Coruña, estaba moi ilusionado con este novo reto profesional e sentíase valorado e apreciado polos compañeiros do equipo de xestión e por todo o persoal da Xerencia.

Non o esqueceremos e gardaremos sempre memoria da súa bondade. Pero a súa familia máis próxima tardará un tempo en curar esta profunda ferida. Cando a morte ven de xeito tan inesperado e cruel a primeira reacción é de incredulidade. Non podemos aceptar que algo así aconteza. Despois os reloxos páranse e prodúcese un estancamento do tempo. Tempo baleiro e sen sentido. A lentitude das horas fai que os recordos veñan unha e outra vez, aumentando a pena pola ausencia do ser querido.

O escritor inglés C.S. Lewis escribiu, cando perdeu á súa muller: *«O único que podemos facer co sufrimento é aguantalo. A pena séntese como medo. É como estar á espera de algo que vai pasar. Isto dálle á vida unha sensación permanente de provisionalidade. Semella como se non valesse a pena empezar nada. Antes non me chegaba o tempo para nada. Agora non hai máis que tempo. Tempo en estado puro, unha valeira continuidade».*

Tamén Eugenia, a compañeira de Luis, pasará moitos días agardando espertar deste pesadelo.

Os teus amigos da X.A.P. da Coruña | Texto: Pablo Vaamonde García

ÍNDICE

| | |
|---|-----|
| 1. Introducción | 11 |
| 2. Estrutura organizativa | 15 |
| 3. Datos sociodemográficos | 19 |
| 4. Recursos humanos | 23 |
| 5. Reordenación asistencial | 31 |
| 5.1. Reordenación de cotas médicas..... | 32 |
| 5.2. Reordenación das unidades de apoio..... | 34 |
| 5.3. Reordenación da xornada ordinaria de sábado..... | 36 |
| 6. Carteira de servizos - Novas prestacións | 37 |
| 6.1. Pílula post-coital..... | 38 |
| 6.2. Saúde bucodental..... | 40 |
| 6.3. Descentralización total do tratamento anticoagulante oral..... | 41 |
| 6.4. Cirurxía menor..... | 41 |
| 6.5. Espirometrías..... | 42 |
| 6.6. Monitorización ambulatoria de presión arterial (MAPA)..... | 42 |
| 6.7. Teleoftalmoloxía. Retinografía dixital..... | 43 |
| 6.8. Escola de hixiene oral para coidadores de maiores dependentes..... | 43 |
| 6.9. Escola de costas en Cee..... | 44 |
| 6.10. Escola de educación maternal..... | 44 |
| 7. Novas tecnoloxías - A receita electrónica | 45 |
| 7.1. Informatización do posto de traballo..... | 46 |
| 7.2. A receita electrónica..... | 47 |
| 8. Programa de mellora da calidade da prescrición | 49 |
| 9. Infraestruturas | 53 |
| 9.1. Electromedicina..... | 54 |
| 9.2. Obras de acondicionamento: realizadas dende a XAP..... | 55 |
| 9.3. Obras de acondicionamento: realizadas dende Servizos Centrais..... | 56 |
| 10. Formación, docencia e investigación | 59 |
| 10.1. A unidade docente..... | 60 |
| 10.2. A unidade de investigación..... | 62 |
| 11. Recursos económicos | 63 |
| 11.1. Orzamento..... | 64 |
| 11.2. Evolución orzamentaria..... | 66 |
| 11.3. Facturación a terceiros..... | 67 |
| 12. Accións divulgativas | 69 |
| 13. Anexos | 73 |
| Anexo I: Actividade asistencial..... | 74 |
| Anexo II: Accións formativas..... | 100 |
| Anexo III: Publicacións..... | 104 |

1

INTRODUCCIÓN



1. INTRODUCCIÓN

O PLAN DE MELLORA DA ATENCIÓN PRIMARIA

Galicia estivo sempre no furgón de cola na reforma da Atención Primaria (AP). Nunca se apostara pola modernización deste nivel asistencial e o Decreto 200/93, de Ordenación da Atención Primaria, que debuxa o novo modelo de Atención Primaria de Galicia é do ano 1993, case unha década despois do inicio da reforma no resto do Estado. O goberno galego formulou unha proposta de diálogo e abriu un proceso participativo con todo o sector que culminou, tras meses de traballo conxunto, nun compromiso coa AP plasmado no **“Plan de Mellora da AP de Galicia 2007-2011”**, que a Consellería de Sanidade asina en abril de 2007 coa totalidade das organizacións sindicais e colectivos profesionais que representan a AP do noso país.

Podemos dicir que Galicia, que chegou tarde á primeira reforma da AP, colle a dianteira e impulsa un ambicioso Plan que suporá unha inversión de 62 millóns de euros e prevé a contratación de 309 médicos de familia e 65 pediatras no período citado.

O COMPROMISO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

O compromiso da Consellería de Sanidade co desenvolvemento da AP foi explícito e decidido e a Conselleira manifestaba, na revista desta Xerencia *De Cabeceira*, en 2007:

«Imos impulsar a Atención Primaria en Galicia, porque a súa mellora é clave para fortalecer o sistema sanitario público no seu conxunto e temos a convicción de que nese nivel pódense e débense resolver a grande maioría dos problemas de saúde da poboación.

»Atopámonos con carencias de persoal, de dotación tecnolóxica e de aparataxe diagnóstico que condicionan en gran medida que os profesionais de Atención Primaria poidan desenvolver o seu labor da mellor maneira posible. O noso obxectivo é acadar unha Atención Primaria de calidade, orientada ao cidadán, contando con profesionais motivados e capacitados. Para iso potenciamos a informatización dos centros de saúde (a historia clínica informatizada e a receita electrónica son unha realidade), creamos novas prazas de profesionais sanitarios de Atención Primaria, rematamos unha OPE extraordinaria e fixemos novas convocatorias de prazas, baseadas en criterios de igualdade, mérito e capacidade por primeira vez en moitos anos, para todas as categorías profesionais. Queremos que os nosos profesionais se sintan orgullosos de pertencer ao Servizo Galego de Saúde e que estean comprometidos coa alta misión que temos encomendada: coidar da saúde de todos os galegos.»

O COMPROMISO DA XERENCIA DE ATENCIÓN PRIMARIA

Nun artigo editorial publicado en “De Cabeceira”, facíase fincapé no compromiso do equipo directivo para mellorar a Atención Primaria na área:

«Trátase de dotar á Atención Primaria de máis profesionais e con mellor formación, de máis recursos tecnolóxicos, de máis medios diagnósticos e maior acceso a probas especializadas, de máis medios terapéuticos e de máis tempo para poder adicar aos pacientes, en definitiva, estamos a traballar para acadar unha mellor Atención Primaria, máis eficaz, máis resolutive e máis humana.»

O OBXECTIVO DESTA PUBLICACIÓN

Nesta publicación pretendemos reflectir os avances acadados na mellora e desenvolvemento dos Servizos de Atención Primaria na nosa área. Entendemos que o balance é francamente moi positivo, pois o impulso producido nestes anos de intenso traballo en diversos ámbitos da Atención Primaria ten sido moi importante.

Rendemos contas do noso traballo, agradecemos o apoio e colaboración de todos os profesionais que axudaron nesta tarefa e só desexamos que este camiño emprendido siga o seu curso e non se vexa truncado. Seguiremos a traballar, cadaquén desde o seu posto, para conseguir que Galicia e os seus cidadáns dispoñan dunha boa asistencia sanitaria pública e dunha excelente atención nos Centros de Saúde.

María Jesús Cerecedo Pérez

Directora Xerente de Atención Primaria A Coruña

2

ESTRUTURA ORGANIZATIVA




2. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

ORGANIGRAMA DA XERENCIA DE ATENCIÓN PRIMARIA A CORUÑA



ÁREA SANITARIA



SERVIZOS DE ATENCIÓN PRIMARIA

A Coruña

| SAP | Xefe SAP | Coordinador SAP |
|--------------------|--|--|
| Abente y Lago | Tomás Benito Martín | Concepción Rodríguez Nuñez |
| Adormideras | | Dolores Velasco Callao |
| Casa do Mar | José M. Picos Martínez | José María Cano Pan |
| Elviña-Mesoiro | Cristina Viana Zulaica | Herminia Ramil Pernas |
| Federico Tapia | Dolores Granero González | Amparo Díaz Fernández |
| Labañou | | |
| Matogrande | José Fernández Pintos | Carmen Buño Varela |
| Monte Alto-A Torre | Abel Coutado Méndez | Ángeles Vazquez-G ^a Serrano |
| O Castrillón | José C. Prego Rey | Rosa Veiguela Moreno |
| Os Mallos | Ana Zamora Casal | Carmen Arcay Veira |
| Os Rosales | Vicente Fernández Rodríguez | |
| O Ventorrillo | Marcelino Calviño Cerqueiro Ana Carro Pernas / Xefa UAP | M ^a Carmen Sande Nores |
| San José-A | Bernardo de Miguel Bartolomé | Esther Seoane Sexto |
| San José-B | U. Ignacio Herrero de Padura | Oliva Pérez Vázquez |

Outros concellos

| SAP | Xefe SAP | Coordinador SAP |
|---|---|--|
| A Laracha - Cerceda | Aquilino Agromayor Failde Manuel Esmorís Méndez / UAP: Cerceda | |
| Abegondo - Cesuras - Oza dos Ríos | Bernardo Velasco Horta | |
| Arteixo | F. Javier Refojos Giráldez | Veneranda Carrodegua Sabio |
| Betanzos - Aranga - Irixoa - Coirós | Ana L. Prada Vigil | |
| Cambre - Carral | Arturo Louro González Eduardo Seijo Garea / UAP: Carral | Rosario Touriño García |
| Carballo - Malpica - Coristanco | Antonio Bello González | Jesús Bello Cerceiro |
| Cee - Corcubión, Dumbría - Muxía - Fisterra | Cándido Pequeño Prieto Emilia Feijoo Fernández / UAP: Corcubión Fernando Pinto Blanco / UAP: Fisterra | Rosa María Trillo Trillo |
| Culleredo | Jesús Combarro Mato | |
| Curtis - Teixeira - Sobrado - Vilasantar | M ^a José López-Villalta | M ^a Maylin Trigo Cid Lozano |
| Oleiros: Perillo - Sta. Cruz - Mera - A Rabadeira | Ana M ^a Estevez Guimeráns Melquisedec Amaneiro Noya / UAP: Sta. Cruz | Isabel Regueiro Portas |
| Ponteceso - Cabana - Laxe | Carlos Lojo Moar | |
| Sada - Bergondo | Concepción Garrido Villarino | Elena Cajide Val |
| Vimianzo - Camariñas - Zas | Paula Elisa Pérez Rey | Vicente Bello Bello |
| Miño - Paderne - Vilarmador | | |

COORDINACIÓN DE ÁREA

| | | |
|--|-----------------------------|-------------------------------|
| Coordinación da unidade docente familiar e comunitaria | Coordinador área bucodental | Coordinador área fisioterapia |
| Ángel Núñez Vázquez | Mercedes Pereiro Saavedra | Ángeles Álvarez Madi |

3

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS



3. DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

Dende o ano 2005 ata o ano 2009 a poboación da área sanitaria tivo un incremento total dun 5,9%.

A porcentaxe de persoas de idade ≥ 65 anos nunha comunidade, coñécese como índice de Rosset e segundo a OMS cando é superior ao 15% reflicte unha sociedade envellecida.

Na área sanitaria continúaase a observar un incremento deste grupo de idade que permite definir a área como unha poboación envellecida con tendencia propia das sociedades occidentais industrializadas.

Poboación total e distribución porcentual segundo grupos de idade na Área Sanitaria da Coruña. 2005-2008

| Idade | 2005 | | 2006 | | 2007 | | 2008 | | ^ |
|---------------|----------------|--------------|----------------|--------------|----------------|--------------|----------------|--------------|-------------|
| | Total | % | Total | % | Total | % | Total | % | |
| 0-14 | 57.853 | 11,0 | 59.446 | 11,0 | 60.736 | 11,0 | 61.827 | 11,1 | 6,86 |
| 15-64 | 366.601 | 69,8 | 373.871 | 69,1 | 379.600 | 68,9 | 379.751 | 68,4 | 3,58 |
| > 65 | 100.099 | 19,1 | 107.646 | 19,9 | 110.941 | 20,1 | 113.318 | 20,4 | 7,97 |
| Totais | 525.099 | 100,0 | 540.963 | 100,0 | 551.277 | 100,0 | 554.896 | 100,0 | 5,92 |

Fonte: Sección Tarxeta Sanitaria X.A.P - A Coruña



C.S. Casa do Mar




C.S. Casa do Mar. Área Administración




C.S. Casa do Mar. Área Pediátrica

Evolución da poboación. Área sanitaria da Coruña entre os anos 2005-2008



Evolución da poboación > 65 anos entre os anos 2005-2008



4

RECURSOS HUMANOS



4. RECURSOS HUMANOS

No ano 2005 o número de profesionais da Xerencia de Atención Primaria da Coruña era de 1.084, en decembro 2008 chega a ser de 1.372 e as previsións a finais de 2009, coa creación de 129 novas prazas xa orzamentadas, acadaranse un total de 1.501 na área Sanitaria da Coruña.


O Incremento do cadro de persoal foi dun total **288 profesionais**, o que supón **un incremento dun 27%** en tres anos. Tras a creación das 129 novas prazas previstas para o 2009, farían un total de **417 profesionais** sendo o **incremento dun 37%** no período 2005-2009.

Evolución do cadro de persoal nas distintas categorías. 2005-2008 e previsión ano 2009

| Clasificación persoal | Categoría | 2005 | 2006 | Incremento 2005-2006 |
|---------------------------|----------------------------------|--------------|--------------|----------------------|
| Directivos | Directivos | 7 | 7 | 0 |
| Facultativos | Farmacéuticos | 12 | 12 | 0 |
| | Médicos AP | 298 | 310 | 12 |
| | Médicos PAC | 1 | 56 | 55 |
| | MIR | 48 | 45 | -3 |
| | Odontólogos | 12 | 13 | 1 |
| | Pediatras | 64 | 67 | 3 |
| | Técnico saúde | 1 | 2 | 1 |
| Sanitario non facultativo | Aux. enfermaría | 27 | 27 | 0 |
| | Enf. PAC | 6 | 46 | 40 |
| | Enfermaría | 248 | 253 | 5 |
| | Hixienistas | 10 | 10 | 0 |
| | Matronas | 22 | 21 | -1 |
| Xestión e servizos | Aux. administrativos | 65 | 67 | 2 |
| | Xefe equipo aux. admo. | 3 | 3 | 0 |
| | Xefe fun. admo. | 6 | 6 | 0 |
| | Celadores | 73 | 73 | 0 |
| | Condutores | 12 | 12 | 0 |
| | Grupo xestión F.A. | 3 | 3 | 0 |
| | Limpadoras | 4 | 4 | 0 |
| | PSX | 104 | 108 | 4 |
| | Técnico org. e adm. sanitaria | 2 | 2 | 0 |
| | Técnico función adm. | 2 | 2 | 0 |
| | Técnico xestión de sistemas e TI | 2 | 2 | 0 |
| | Telefonistas | 7 | 7 | 0 |
| | Traballadora social | 7 | 7 | 0 |
| | Xefatura grupo aux. adm./PSX | 17 | 16 | -1 |
| | Totais | 1.084 | 1.203 | 119 |



| 2007 | Incremento 2006-2007 | 2008 | Incremento 2007-2008 | Previsión Dec. 2009 | Previsión incremento 2008-2009 |
|--------------|-------------------------|--------------|-------------------------|------------------------|-----------------------------------|
| 7 | 0 | 8 | 1 | 8 | 0 |
| 12 | 0 | 12 | 0 | 12 | 0 |
| 316 | 6 | 341 | 25 | 362 | 21 |
| 69 | 13 | 73 | 4 | 73 | 0 |
| 44 | -1 | 59 | 15 | 59 | 0 |
| 13 | 0 | 16 | 3 | 19 | 3 |
| 66 | -1 | 67 | 1 | 71 | 4 |
| 2 | 0 | 1 | -1 | 1 | 0 |
| 27 | 0 | 34 | 7 | 46 | 12 |
| 56 | 10 | 56 | 0 | 56 | 0 |
| 260 | 7 | 290 | 32 | 351 | 61 |
| 11 | 1 | 16 | 5 | 20 | 4 |
| 23 | 2 | 29 | 6 | 32 | 3 |
| 67 | 0 | 62 | -5 | 62 | 0 |
| 2 | -1 | 2 | 0 | 2 | 0 |
| 6 | 0 | 6 | 0 | 6 | 0 |
| 71 | -2 | 69 | -2 | 69 | 0 |
| 12 | 0 | 12 | 0 | 12 | 0 |
| 3 | 0 | 2 | -1 | 2 | 0 |
| 4 | 0 | 3 | -1 | 3 | 0 |
| 128 | 20 | 153 | 25 | 162 | 9 |
| 2 | 0 | 2 | 0 | 2 | 0 |
| 2 | 0 | 2 | 0 | 2 | 0 |
| 2 | 0 | 2 | 0 | 2 | 0 |
| 7 | 0 | 6 | -1 | 6 | 0 |
| 7 | 0 | 11 | 4 | 17 | 6 |
| 15 | -1 | 16 | 1 | 16 | 0 |
| 1.256 | 53 | 1.372 | 118 | 1.501 | 129 |



C.S. A Silva

En todas as categorías profesionais ampliouse o cadro de persoal; así, no ano 2005 tiñamos 298 médicos de equipo, que eran 341 en decembro 2008. É dicir, creáronse 43 novas prazas de médicos de familia para a área da Coruña o que nos permitiu mellorar as cotas médicas que estaban sobredimensionados e así desenvolver unha maior e mellor carteira de servizos que se oferta á poboación.

No caso da Enfermaría o incremento foi de 248 profesionais en decembro 2005 a 290 no 2008 (cun incremento do 16%) e cunha previsión presupostada de aumento en 32 novas prazas de enfermaría ao longo do 2009.


A importancia do desenvolvemento do Programa de Atención Integral á Muller ponse de manifesto na creación de 7 novas prazas de matrona na Área Sanitaria, cun incremento no período 2005-2008 do 31%.

O Traballo Social estaba pouco desenvolvido na Área: tan só había 7 profesionais que se incrementaron a 11, o que supón un incremento dun 57% no período de referencia e está previsto un total de 6 prazas máis no ano 2009, das que se cubriron xa 3, en Arteixo, Culleredo e Oleiros.

Prazas creadas dentro do Plan de Mellora por categoría profesional e previsión para o 2009

| Categoría | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 |
|--------------------|-----------|-----------|------------|------------|
| Médicos equipo | 9 | 3 | 21 | 21 |
| Médicos PAC | 40 | | 4 | |
| Pediatras | 2 | 1 | 4 | 4 |
| Enfermeiros/as | 5 | 4 | 32 | 61 |
| Enfermeiros/as PAC | 28 | | 1 | |
| PSX | | 5 | 18 | 9 |
| Matronas | | | 5 | 3 |
| Fisioterapeuta | | | 1 | 6 |
| Odontólogos | | 1 | 3 | 3 |
| Hixienistas | | 1 | 5 | 4 |
| Trab. social | | | 4 | 6 |
| Aux. enfermaría | | | 7 | 12 |
| Total | 84 | 15 | 109 | 129 |

Evolución do cadro de persoal entre os anos 2005-2009



C.S. Culleredo



Cadro de persoal segundo concello entre os anos 2005-2009

| Concello | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 |
|------------------------|------|------|------|------|
| Abegondo | 8 | 8 | 8 | 9 |
| Aranga | 4 | 4 | 4 | 5 |
| Arteixo | 36 | 38 | 41 | 46 |
| Bergondo | 9 | 9 | 9 | 13 |
| Betanzos | 34 | 35 | 36 | 36 |
| Cabana | 6 | 7 | 7 | 8 |
| Camariñas | 11 | 11 | 11 | 13 |
| Cambre | 49 | 52 | 51 | 58 |
| Carballo | 54 | 56 | 56 | 65 |
| Carral | 7 | 8 | 8 | 9 |
| Cee | 17 | 16 | 20 | 18 |
| Cerceda | 8 | 8 | 8 | 9 |
| Cesuras | 4 | 4 | 4 | 4 |
| Coirós | 2 | 2 | 2 | 2 |
| Corcubión | 4 | 4 | 4 | 4 |
| Coristanco | 10 | 10 | 10 | 11 |
| Culleredo | 36 | 38 | 43 | 51 |
| Curtis | 6 | 6 | 6 | 7 |
| Dumbría | 7 | 5 | 5 | 6 |
| Fisterra | 7 | 6 | 8 | 8 |
| Irixoa | 2 | 2 | 2 | 3 |
| Laracha | 13 | 14 | 15 | 17 |
| Laxe | 5 | 5 | 5 | 5 |
| Malpica de Bergantiños | 9 | 9 | 9 | 10 |
| Miño | 9 | 8 | 8 | 8 |
| Muxía | 8 | 8 | 7 | 10 |
| Oleiros | 40 | 44 | 50 | 54 |
| Oza dos Ríos | 4 | 4 | 4 | 4 |
| Paderne | 4 | 4 | 4 | 4 |
| Ponteceso | 10 | 11 | 11 | 13 |
| Sada | 23 | 23 | 25 | 28 |
| Sobrado | 4 | 3 | 4 | 4 |
| Vilarmaior | 2 | 2 | 2 | 2 |
| Vilasantar | 3 | 3 | 3 | 3 |
| Vimianzo | 12 | 13 | 13 | 12 |
| Zas | 7 | 6 | 8 | 9 |

Dos 37 concellos da área, incrementouse o cadro persoal en 25 (67,56%); cómpre destacar que os Concellos nos que non se incrementou o cadro de persoal son aqueles de pequeno tamaño (menos de 3.000 habitantes) ben dimensionados en canto a número de profesionais existente e cun histórico demográfico que descarta un incremento de poboación que faga necesario nun futuro aumento de persoal.



C.S. Carballo

Destacar o incremento no cadro de persoal en centros como Carballo nos que de 54 profesionais no 2005 pásase a ter 65 no 2008, en Oleiros que de 37 profesionais pasan a ter 54 no ano 2008, ou en Culleredo que de 36 profesionais no ano 2005 pásase a ter 47 no ano 2008.

| Concello A Coruña | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 |
|--------------------|------------|------------|------------|------------|
| Abente y Lago | 19 | 18 | 18 | 13 |
| Adormideras | 22 | 21 | 21 | 23 |
| Casa do Mar | 49 | 50 | 50 | 55 |
| Elviña-Mesoiro | 42 | 43 | 41 | 43 |
| Federico Tapia | 13 | 16 | 16 | 19 |
| Castrillón | 20 | 22 | 24 | 26 |
| Ventorrillo | 60 | 64 | 65 | 72 |
| San José (A e B) | 82 | 82 | 79 | 89 |
| O Labañou | 32 | 30 | 29 | 31 |
| Monte Alto-A Torre | 26 | 23 | 23 | 28 |
| Os Mallos | 49 | 52 | 51 | 57 |
| Matogrande | 31 | 33 | 37 | 41 |
| Os Rosales | 11 | 13 | 16 | 17 |
| Total | 456 | 467 | 470 | 514 |

Dentro do Concello da Coruña incrementouse o cadro de persoal en 13 dos 14 servizos de Atención Primaria, nun total de 58 profesionais.

5

REORDENACIÓN ASISTENCIAL




5. REORDENACIÓN ASISTENCIAL

5.1. REORDENACIÓN DE COTAS MÉDICAS

O punto de partida era a existencia de moitas cotas médicas (98) con máis de 1750 TIS nos que a súa sobrecarga asistencial impedía ter unha adecuada carteira de servizos. Por outra banda, cotas inferiores a 500 TIS resultaban pouco eficientes. O esforzo organizativo foi dirixido a que a maioría das cotas da Área estean ben dimensionados (en torno a 1400 TIS) para así ofertar unha axeitada carteira de servizos, unha menor sobrecarga asistencial e polo tanto, unha maior capacidade resolutiva.

Un **32%** dos profesionais no 2005 tiñan cotas con máis de 1.750 TIS. No 2008 a cifra reducíuse a un **2.67%**.

Evolución das cotas médicas e distribución porcentual entre os anos 2005-2008



Como datos máis significativos, sinalamos que no ano 2005 o número de cotas con máis de 1750 TIS era de 98 que pasaron no 2008 a ser 9. Así mesmo, o número de cotas con menos de 1500 TIS no ano 2005 era de 91 e que pasan a ser no ano 2008 de 189.




C.S. Casa do Mar



C.S. Casa do Mar

Evolución das cotas de pediatría e distribución porcentual entre os anos 2005-2008



5.2. REORDENACIÓN DAS UNIDADES DE APOIO

Dentro do Plan de Mellora da Atención Primaria para Galicia, acometeuse un maior desenvolvemento das Unidades de Apoio á Atención Primaria, mellorando as infraestruturas, facilitando a accesibilidade e incrementando os recursos.

Unidades de saúde bucodental (USBD)

No ano 2005 a odontoloxía estaba centralizada na cidade da Coruña; iniciouse a descentralización e reordenación dos servizos de odontoloxía, achegándoos á poboación e evitando os desprazamentos aos usuarios.

- Apertura da USBD de Culleredo para dar servizo á poboación de Culleredo.
- Apertura da quenda de tarde na USBD Casa do Mar.
- Apertura da quenda de tarde na USBD San José.
- Apertura da unidade de tarde na USBD de Betanzos.
- Incremento dos días de atención na USBD Arteixo: ampliouse a todos os días da semana.
- Incremento dos días de atención en Sada: ampliouse a todos os días da semana dende o 16 de abril de 2009.



Incrementouse o cadro de persoal das unidades de odontoloxía en 5 odontólogos e 6 hixienistas dentais **mellorando os ratios asignados por profesional** o que redunda nunha oferta máis ampla da carteira de servizos.

Programa de atención á muller

A Área Sanitaria da Coruña, conta na actualidade con 28 Unidades da Atención á Muller tras a incorporación de 5 novas matronas de Atención Primaria nos Centro de Saúde de Cabana, Casa do Mar, Monte Alto-A Torre, San José A, San José B e Sta Cruz- Oleiros.

Deste xeito, a Xerencia de Atención Primaria, seguindo as directrices da Consellería de Sanidade, consolida a súa aposta pola atención á muller, ao incrementar o número de matronas na Área Sanitaria da Coruña pasando de ter 22 profesionais desta categoría no ano 2005 a ter 29 na actualidade. O desen-

volveremento do plan da Muller sería imposible de implementar se non fose polo traballo conxunto das matronas cos médicos de familia e enfermeiros dos equipos de Atención Primaria.

Fisioterapia na área

Ponse en marcha a **Unidade de Fisioterapia de San José** que ven a substituir a Unidade do Abente y Lago, mellorando a infraestrutura e os recursos tecnolóxicos dispoñibles para diagnóstico e tratamento, facilitando a accesibilidade á poboación da zona.

Apertura da quenda de tarde na Unidade de **Fisioterapia de Culleredo**.

O obxectivo neste campo para o 2009, é a creación da Unidade de Fisioterapia en Oleiros no novo Centro de Saúde da Covada que dará servizo á poboación do Concello de Oleiros, da Unidade de Cambre, da Unidade de Arteixo e a de Vimianzo.



Traballo social

Pasouse de ter 7 traballadores a 11 o que representa un **incremento de 57,14 % do cadro de persoal de traballo social**. Dende o 1 de setembro de 2008 cóntase con catro novos profesionais no Centro de Saúde de Betanzos, Matogrande, Os Mallos e Monte Alto- A Torre e no mes de abril dótanse os Centros de Saúde de Arteixo, Culleredo e Oleiros.

5.3. REORDENACIÓN DA XORNADA ORDINARIA DE SÁBADO

Procedeuse a unha reordenación da atención sanitaria en xornada de sábado de cara a conseguir que os recursos sexan os adecuados na súa localización, dimensionamento e en medios técnicos e operativos precisos.

Neste sentido reordenouse a asistencia sanitaria de fin de semana nos Centros de Saúde dos PAC de:

- PAC de Vimianzo: centralízase dende o 12 de xuño de 2008 a asistencia dos Centros de Saúde dos Concellos de Camariñas, Zas e Vimianzo.
- PAC de Cee: centralízase dende o 12 de xuño de 2008 a asistencia dos Centros de Saúde dos Concellos de Corcubión, Fisterra, Dumbría, Muxía e Cee.
- PAC de Carballo: centralízase dende o 16 de agosto de 2008 a asistencia dos Centros de Saúde dos Concellos de Malpica, Carballo e Coristanco.
- PAC da Laracha: centralízase dende o 27 de setembro de 2008 a asistencia dos Centros de Saúde dos Concellos de Cerceda e A Laracha.

Forma parte da devandita reorganización a dotación de recursos de transporte aos profesionais que traballan en dita xornada de sábado pola mañá. No mes de abril do 2009 fíxose extensiva a dotación de transporte ao resto dos centros que teñen dita actividade centralizada no PAC.

A xornada ordinaria de sábado pola mañá realízase nos PAC en toda a Área Sanitaria, excepto na cidade da Coruña e nos Concellos de Cambre-Carral que se abordarán ao longo do 2009.

CARTEIRA DE SERVIZOS - NOVAS PRESTACIÓNS



6. CARTEIRA DE SERVIZOS - NOVAS PRESTACIÓNS

O Plan de Mellora de AP na área supón: Unha importante aposta pola Atención Primaria, onde para aumentar a calidade dos servizos pónense en marcha unha serie de medidas:

- Descentralización dos Servizos e aproximación das prestacións aos cidadáns.
- Melloras a nivel de recursos humanos (creación de prazas en todas as categorías).
- Aumento da capacidade de resolución incrementando o acceso a probas complementarias.
- Intervencións sobre a redución das cotas médicas, de enfermaría, pediatría e odontoloxía.
- Melloras na adecuación de espazos físicos para o incremento da carteira de servizos dos centros de saúde.

As novas prestacións que se desenvolven son:

6.1. PÍLULA POSCOITAL

En marzo do 2006 dende a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde abordouse dun xeito integral a saúde das mulleres galegas cumprindo o compromiso coa igualdade e a xustiza social sendo deseñado o Plan de Atención Integral á Muller. A Consellería de Sanidade inclúe deste xeito na carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde, como nova prestación sanitaria, a cobertura da anticoncepción poscoital.




C.S. Sobrado



Este programa ten como obxectivos:

- Previr o número de embarazos non desexados.
- Reducir o número de interrupcións do embarazo.
- Realizar educación sanitaria e prevención de ETS.
- Dispor dun control sanitario do consumo da pílula poscoital.
- Evitar desigualdades no acceso en función do poder adquisitivo e do lugar de residencia.
- Potenciar o uso do preservativo e doutros métodos anticonceptivos.

Prescrición pílula postcoital na área (inicio programa abril 2006)



Non se observan cambios significativos no número de prescricións entre os anos 2006 e 2008.

6.2. SAÚDE BUCODENTAL

O programa de saúde bucodental ten como finalidade revisar, actualizar e unificar a atención que se presta nas unidades de odontoloxía e saúde bucodental de atención primaria, co obxectivo de homoxeneizar a oferta de servizos e garantir a súa prestación de acordo con criterios de calidade e de máximo rendemento.

Inicialmente as prestacións deste programa de saúde incluían: Actividades preventivas, Tratamentos de procesos agudos odontolóxicos, incluída a exodoncia de dentes, atención ás xestantes, Atención á poboación especial (discapacitados físicos e psíquicos), mediante convenios específicos con outras entidades.

As novas prestacións do programa de saúde bucodental iníciáanse en setembro 2006 e inclúen:

- Tratamento de lesión de carie sen afección polpar nas superficies oclusais dos primeiros molares permanentes na poboación infantil (a partir de setembro de 2008, ampliouse a prestación ata a idade de 14 anos).
- Limpeza con ultrasón nas xestantes nas que exista indicación.

A actividade das USBD da área sanitaria da Coruña no 2008 foi de 93.556 consultas o que supuxo un 28,24% máis respecto das 62.289 realizadas no ano 2006.



6.3. DESCENTRALIZACIÓN DO TRATAMENTO ANTICOAGULANTE ORAL (SINTROM)

A descentralización do Sintrom era unha prioridade para a dirección, pois melloraba a calidade de vida dos pacientes dunha maneira importante evitándolles o desprazamento ao hospital. Ao longo destes anos foise implantando o (TAO) nos distintos centros de saúde; coa intervención no centro de saúde do Temple en xaneiro 2009 conseguíuse que o TAO sexa unha prestación que se oferta en todas as Unidades de Atención Primaria da Área, polo que neste intre podemos dicir que o **100% da área ten implantado o TAO**.

No ano 2008 foron atendidos 9.590 pacientes anticoagulados con Sintrom, aos cales se lles realizaron 115.080 determinacións polos distintos servizos de enfermaría.



Determinación Sintrom



6.4. CIRURXÍA MENOR

O programa de cirurxía menor priorizouse ao longo destes anos na Xerencia coa finalidade de dotar aos profesionais dunha maior capacidade resolutiva, ampliando as súas posibilidades diagnósticas e terapéuticas, e por outra banda facilitarlle ao paciente a resolución dos seus problemas no propio centro de saúde evitándolle desprazamentos innecesarios.

O seu desenvolvemento supuxo dotar de material específico (bisturí eléctrico, nitróxeno, lámpada de luz fría, padiola hidráulica...) aos centros de saúde, e xestionar a formación práctica para adquirir as habilidades necesarias para desenvolver o programa.

Os resultados estanse a ver nun aumento progresivo de centros de saúde que oferta dita actividade na súa carteira de servizos e un aumento de actos cirúrxicos na área moi marcado.

Cirurxía menor

| | 2006 | 2007 | 2008 |
|--------------------------|------|-------|-------|
| Actos cirúrxicos na área | 689 | 1.315 | 2.977 |

6.5. ESPIROMETRÍAS

A espirometría é unha ferramenta de gran axuda para o screening, o diagnóstico e o seguimento das enfermidades respiratorias crónicas. Trátase dunha técnica sinxela e non invasiva idónea para ser realizada nos centros de saúde. Para a posta en marcha da espirometría na área foi necesario formar aos profesionais de enfermaría en dita técnica para o cal se desenvolveron as accións formativas necesarias. Por outra banda tívose que dotar aos centros de saúde de aparataxe, dotándose á área de 12 espirómetros ata o de agora e estando pendentes de recibir 23 aparellos máis neste primeiro semestre do ano. O aumento de actividade vese reflectido de forma que se pasou de non ter apenas ningunha no ano 2006 a ter 1.295 espirometrías realizadas na área no ano 08.

6.6. MONITORIZACIÓN AMBULATORIA DE PRESIÓN ARTERIAL (MAPA)

Mellorar o diagnóstico e o seguimento dunha patoloxía tan frecuente como a hipertensión arterial é un obxectivo da Xerencia coa implantación da motorización ambulatoria da presión arterial (MAPA) nos centros de saúde da área sanitaria, como unha máis das alternativas diagnósticas coas que contan os profesionais.

Trátase dunha técnica que permite realizar aos pacientes un número moi amplo de controis de tensión arterial ao longo de 24 horas, incluídas as nocturnas, para así conseguir un valor máis fiable das cifras de tensión arterial dese paciente. É unha técnica sinxela, con evidencias científicas que a avalan, perfectamente asumible para os enfermeiros e médicos e que amplía as ferramentas que posúen para un mellor diagnóstico e seguimento da resposta ao tratamento xa instaurado.

Creouse un grupo de traballo de motorización ambulatoria da presión arterial (MAPA) que colabora na implantación e a formación nos centros de saúde. O programa iniciouse a finais do ano 2006, sendo neste momento 16 centros de saúde da área os que dispoñen de MAPA.

Implantación do programa MAPA

| | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 |
|------------------|----------------|------------|--|--------------------------------|
| Centros de Saúde | Elviña Mesoiro | San José-B | Arteixo, Castrillón, Monte Alto-A Torre, Culleredo, Os Mallos Os Rosales, Perillo-Oleiros, Ponteceso, Sada, San José-A, Sta. Cruz-Oleiros, Ventorrillo | Betanzos, Malpica, Vimianzo |

6.7. TELEOFTALMOLOXÍA. RETINOGRAFÍA DIXITAL

O retinógrafo dixital é un aparello diagnóstico que ao fotografar a retina permite ao médico de familia sospeitar e diagnosticar a patoloxía ocular que producen enfermidades como o Diabete ou a HTA, facilitando isto un diagnóstico precoz, fomenta a participación dos profesionais e aumenta a capacidade de resolución ao poder dar unha maior e mellor resposta terapéutica.

A Consellería de Sanidade dotou á área da Coruña con 3 retinógrafos no ano 2008, e a previsión para o 2009 é de 3 retinógrafos máis, para así poder facer a implantación do programa en toda a área Sanitaria.

Retinógrafos na área da Coruña

| Ubicación | Área de influencia |
|---------------------------------------|---|
| C.S. Betanzos | Betanzos |
| C.S. Os Mallos (inicio 24/03/09) | Ventorrillo - Arteixo - Os Mallos - Matogrande - Elvira Mesoiro |
| C.S. San Xosé (inicio 24/03/09) | San Xosé - A Torre - Adormideras - Abente y Lago - Labañou - Os Rosales - Casa do Mar - Castrillón - F. Tapia |
| C.S. de Carballo (inicio 31/03/09) | Carballo - Ponteceso - Cabana - Coristanco - Malpica - Laxe - Laracha |

6.8. ESCOLA DE HIXIENE ORAL PARA COIDADORES DE MAIORES DEPENDENTES

Esta nova prestación que se puxo en marcha no ano 2007, dirixida a aqueles coidadores que teñen ao seu cargo unha persoa maior con dependencia física, psíquica ou sensorial que lle limita ou impide a súa correcta hixiene, ten como obxectivo **“axudar a coidar”** buscando incrementar a capacidade do coidador/a para prestar estes coidados.

Con tal motivo creouse esta escola impartida polos hixienistas dentais da área, levándose a cabo todos os mércores na aula de educación sanitaria do Centro de Saúde San José durante o ano 2007, para estenderse a toda a área ao longo do 2008. Neste ano beneficiáronse da escola 410 coidadores de maiores dependentes.



6.9. ESCOLA DE COSTAS EN CEE

Tras a boa acollida por parte dos pacientes do programa de Educación Sanitaria “Escola de Costas” no concello da Coruña ampliouse dita actividade aos usuarios da Unidade de Fisioterapia de Cee.

A formación impártese por fisioterapeutas de Atención Primaria en tres sesións que abranguen as áreas de anatomía básica das costas, normas posturais e exercicios de columna vertebral, así como as vantaxes do exercicio físico en xeral e da columna vertebral en particular.

6.10. ESCOLA DE EDUCACIÓN MATERNAL

As ensinanzas e recomendacións do programa de Educación Maternal son proporcionadas polas matronas de Atención Primaria segundo un protocolo de actuación elaborado conxuntamente por diferentes profesionais sanitarios e coordinado por matronas da área. O principal obxectivo da Escola é facilitar a información e a educación sanitaria necesaria para que os futuros pais e nais vivan o embarazo de maneira satisfactoria, e afronten o parto e a maternidade /paternidade nas mellores condicións físicas, mentais e emocionais.

En xullo de 2007 implantouse no Centro de Saúde de Ponte do Porto o programa que dá cobertura á poboación do Concello de Camariñas e no mes de xaneiro de 2008, ampliouse o número de días no que se leva a cabo o programa de Educación Maternal en Atención Primaria na aula de Educación Sanitaria de San Xosé -A Coruña así como a quenda de tarde, de cara a atender as demandas dun sector de poboación así como unha crecente solicitude dun horario de tarde máis accesible tanto para as mulleres traballadoras como as súas parellas.



Lactación materna



C.S. Miño

NOVAS TECNOLOXÍAS - A RECEITA ELECTRÓNICA



7. NOVAS TECNOLOXÍAS - A RECEITA ELECTRÓNICA

7.1. INFORMATIZACIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO

Seguindo as directrices de política sanitaria acordadas polo Consello da Xunta en outubro de 2005 a Consellería de Sanidade fixo nos últimos anos un grande esforzo para potenciar un plan de novas tecnoloxías que permita mellorar os sistemas de información tanto na xestión como na prestación dos servizos sanitarios.

Galicia era, naquel intre, unha das comunidades con menor implementación das novas tecnoloxías na sanidade. Co **Plan Rede de Saúde (2006-09)** a Consellería aposta por “que os sistemas e tecnoloxías da información ocupen un lugar destacado nos plans estratéxicos da organización e que se convirtn nunha ferramenta indispensable na modernización da sanidade galega, mellorando a eficacia e eficiencia do sistema sanitario”.

Se ben, no ano 2005 eran tan só tres os centros de saúde que tiñan os postos dos profesionais informatizados, co Plan Rede de Saúde na área foise incrementando o número de postos de traballo informatizados de tal xeito que no ano 2007 estaba informatizada a cidade e os centros de saúde da área metropolitana e no segundo semestre do ano 2008 informatizáronse todos os postos de traballo dos centros de saúde da Costa da Morte.

Evolución da informatización na Área sanitaria da Coruña

| | 2006 | 2007 | 2008 | Totais |
|---|------|------|------|--------|
| Número profesionais con posto de traballo informatizado | 204 | 414 | 594 | 1.212 |
| Postos médicos IANUS nos centros de Saúde | 150 | 193 | 243 | 586 |
| Tarxetas IANUS emitidas | 469 | 477 | 671 | 1.617 |
| Número cursos realizados para a implantación da informatización | 34 | 12 | 14 | 60 |

Así pois, **as consultas de AP están xa informatizadas** e, a través de lanus, os profesionais dispoñen de acceso ás probas realizadas aos seus pacientes (analíticas, biopsias, radiografías, TACs, etc) mesmo se estas foron solicitadas por outro profesional do sistema público. Tamén poden coñecer as asistencias realizadas nos servizos de urxencias, os ingresos hospitalarios, e as visitas feitas ás consultas externas dos especialistas. O acceso a toda esta información reduce o tempo preciso para acceder aos resultados das probas, facilita a toma de decisións do médico e contribúe a mellorar de xeito notable a calidade asistencial.

Sinalar tamén a **informatización das axendas de enfermaría**, que está implantada na práctica totalidade da área permitindo isto un traballo máis organizado, ter información sobre a actividade que se realiza día a día e sendo unha realidade o poder coller cita de enfermaría nas áreas de admisión dos centros.

O proxecto de “**Historia Electrónica única lanus**” é un elemento clave neste proceso de modernización do sistema no que estamos a traballar na actualidade. Trata de integrar a información clínica dos pacientes, procedente tanto de Atención Primaria (AP) como da Especializada. Deste xeito garante a accesibilidade desde calquera punto da rede asistencial galega a toda a información necesaria para prestarlle a mellor asistencia ao paciente.

7.2. A RECEITA ELECTRÓNICA

O seguinte paso, no que está a traballar a Consellería de Sanidade, trata de suprimir a receita, de xeito que **a prescrición quede impresa na propia tarxeta sanitaria do paciente**. O médico escribe no seu ordenador a receita, o paciente vai á farmacia e entrega a tarxeta sanitaria, coa que o farmacéutico poderá acceder desde un terminal informático á prescrición realizada e dispensar a medicación para o tempo indicado (máximo dun ano para os tratamentos crónicos).

Que un doente hipertenso teña que acudir mensualmente ao seu médico para renovar a medicación vai ser, en breve, un acontecemento do pasado. **A receita electrónica permite que o médico prescriba nunha soa vez os fármacos precisos e a duración do tratamento**, de xeito que o paciente só tería que acudir á farmacia cada vez que remate un envase para retirar o seguinte.

A Consellería -segundo reflicte no Decreto 206/2008- intentou desenvolver un sistema de receita electrónica en Galicia “cos obxectivos de **mellorar a calidade asistencial ao reducir o número de visitas para reonovación de receitas, incrementando así o tempo dispoñible do médico para realizar traballo asistencial**”. Tamén se perseguía mellorar a calidade da información sobre a historia terapéutica dos pacientes, mellorar a seguridade no uso dos medicamentos, e facilitar o seguemento farmacoterapéutico e a detección de posibles interaccións. Ademais a Xunta garante a protección de todos os datos de carácter persoal, de xeito que a información que viaxa da consulta do médico á farmacia a través das redes informáticas sempre será encriptada.



Programación da implantación da receita electrónica na área

| Centros de saúde | Historia clínica electrónica | Previsión implantación receita electrónica |
|-----------------------|------------------------------|--|
| Os Mallos | Xuño 2008 | 2º semestre 2009 |
| Matogrande - A Torre | Outubro 2008 | 2º semestre 2009 |
| Ventorillo | Novembro 2008 | 2º semestre 2009 |
| Miño | Decembro 2008 | Implantada decembro 2008 |
| Betanzos | Febreiro 2009 | Marzo - xuño 2009 |
| Paderne | Febreiro 2009 | Maio - xuño 2009 |
| Irixoa | Febreiro 2009 | Maio - xuño 2009 |
| Aranga | Febreiro 2009 | Maio - xuño 2009 |
| Coirós | Febreiro 2009 | Maio - xuño 2009 |
| Casa do Mar | Abril 2009 | 2º semestre 2009 |
| Sada | Marzo 2009 | Maio 2009 |
| Bergondo | Marzo 2009 | Maio 2009 |
| Abegondo | Abril 2009 | Maio 2009 |
| Oza | Maio 2009 | Maio 2009 |
| Cesuras | Maio 2009 | Maio 2009 |
| Perillo | Maio 2009 | Xuño 2009 |
| Sta. Cruz | Maio 2009 | Xuño 2009 |
| Mera | Maio 2009 | Xuño 2009 |
| Carral | Maio 2009 | Xuño 2009 |
| Culleredo | Maio 2009 | Xuño 2009 |
| Tarrío | Maio 2009 | Xuño 2009 |
| Resto cidade A Coruña | Maio 2009 | Outubro 2009 |



C.S. Betanzos



PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE DA PRESCRICIÓN



8. PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE DE PRESCRICIÓN

A aplicación de criterios de calidade na prescrición de medicamentos, baseada nos principios de Medicina Baseada na Evidencia, permite seleccionar o tratamento máis axeitado para cada paciente en función da evidencia científica dispoñible, reducir a variabilidade na práctica clínica e racionalizar o uso dos recursos sanitarios.

Con este obxectivo na Xerencia desenvolvéronse dúas iniciativas:

- A análise dos datos de consumo de medicamentos e produtos sanitarios e dos indicadores de calidade de prescrición definidos polo Servizo Galego de Saúde, utilizando o programa Business Object®, que xestiona os datos de facturación de receitas médicas.
- A implantación dun programa de sesións clínicas nos centros de saúde orientadas a ofrecer unha información de calidade e independente sobre o uso racional de medicamentos aos profesionais sanitarios.

Para poñer en marcha este proxecto, constituíuse un grupo de traballo con tres farmacéuticos e dous médicos de familia da área.

Funcións:

- Explotación dos datos do programa Business Object®, elaborando informes a petición do equipo directivo e para o resto de farmacéuticos da Área.
- Realización de sesións clínicas: os centros que non contan con farmacéutico repartíronse entre os farmacéuticos do grupo e estableceuse un calendario de 4-5 sesións ao ano en cada centro. A selección dos temas baséase nas necesidades detectadas a través dos datos de consumo e as propostas dos propios profesionais.
- Apoio ao resto de farmacéuticos da Xerencia no seguimento dos datos de consumo e a realización de sesións.

Informes elaborados cos datos de prescrición a través de receita oficial:

1. Valores dos indicadores de calidade de prescrición eficiente nos distintos Servizos de Atención Primaria da Xerencia da Coruña para os períodos xaneiro-xuño 2008 e xaneiro-décembro 2008.
2. Evolución trimestral dos valores dos indicadores de calidade de prescrición eficiente nos distintos Servizos de Atención Primaria da Xerencia da Coruña no ano 2008.
3. Descarga mensual dos indicadores: Gasto/receita en usuario activo, Gasto/receita en usuario pensionista, número de receitas/usuario activo e número de receitas/usuario pensionista nos distintos Servizos de Atención Primaria da Xerencia da Coruña.
4. Informe do gasto e número de envases dos principios activos incluídos tanto no numerador como no denominador dos distintos indicadores de prescrición eficiente para os distintos Servizos de Atención Primaria da Xerencia da Coruña.
5. Informe en gasto e número de envases de todos os principios activos prescritos a través de receita na Área da Coruña para o ano 2008 e a súa evolución semestral.
6. Informe en gasto e número de envases dos medicamentos empregados no tratamento da osteoporose tanto acumulado anual como a súa evolución trimestral.

7. Informe en gasto e número de envases dos medicamentos empregados no tratamento da diabete.
8. Evolución trimestral nos últimos cinco anos da prescrición de envases de tiras reactivas para a medición de glicemia nos distintos Servizos de Atención Primaria da Xerencia da Coruña.
9. Informes de prescrición de medicamentos considerados “novidade terapéutica”.
10. Elaboración de documento onde se definen os distintos indicadores de prescrición eficiente.

| Servizo | Xenéricos | Citicolina | Diabete | Risco CV | AINES | Antidepressivos |
|--------------------|---------------------|------------|------------|------------|------------|-----------------|
| Abegondo | 18/11/2008 | 17/03/2009 | | | | |
| Arteixo | 09/04/2008 | 27/11/2008 | 27/02/2009 | | | |
| Cambre | 15/07/08 e 07/10/08 | | | 27/01/2009 | | |
| Carballo | 01/10/2008 | | 02/04/2009 | | 04/02/2009 | |
| A Coruña | | | | | | |
| Abente y Lago | 13/11/2008 | | 03/03/2009 | | | |
| Adormideras | 01/10/2008 | | | 04/03/2009 | | |
| Castrillón | 11/09/2008 | 20/01/2009 | 26/03/2009 | | | 28/05/2009 |
| Elviña | 15/10/2008 | | | 28/01/2009 | | |
| Federico Tapia | 21/11/2008 | | | 25/02/2009 | | |
| Labañou+Os Rosales | 08/10/2008 | | | 18/02/2009 | | |
| Matogrande | 09/12/2008 | 09/12/2008 | 10/03/2009 | | | 28/04/2009 |
| Montealto | 11/11/2008 | | 03/02/2009 | | 21/04/09 | |
| Os Mallos | 01/12/2008 | | | | 10/02/2009 | |
| San José-B | 18/07/2009 | | 30/01/2009 | | 17/04/2009 | |
| Culleredo | 12/07/2008 | | | 11/03/2009 | | |
| Curtis | 18/11/2008 | | | | | |
| A Laracha | 08/11/2008 | | 16/04/2009 | | 29/01/2009 | |
| Miño | 24/11/2008 | | 24/03/2009 | | | |
| Ponteceso | | | | | | 19/02/09 |

Descrición das sesións

- **Presentación programa + xenéricos:** Presentación do plan e evolución da prescrición de medicamentos xenéricos. Aclaración de dúbidas e novidades.
- **Citicolina:** Revisión da eficacia de citicolina (Somazina), indicacións e situación nas guías de práctica clínica.
- **Diabete:** Algoritmo de consenso ADA/EASD para o manexo farmacolóxico da diabete mellitus tipo 2. Avaliación dos novos antidiabéticos.
- **Risco CV:** Actitude ante un paciente con risco cardiovascular. Dislipemias e estatinas, cal utilizar?
- **AINES:** Elixir un AINE: selección de AINES tradicionais ou Coxibs en función das novas evidencias de risco cardiovascular e gastropatía.
- **Antidepressivos:** Guía de Práctica clínica de la depresión del Ministerio de Sanidad. Avaliación e impacto económico dos novos antidepressivos.



C.S. Paderne



C.S. Sobrado



C.S. Betanzos

10

INFRAESTRUTURAS



9. INFRAESTRUTURAS

9.1. ELECTROMEDICINA

